



PROXECTO CLUB DE LECTURA "EX LIBRIS"

MEMORIA

I. INTRODUCCIÓN

a. BREVE HISTORIA: CREACIÓN

Rematado o segundo ano lectivo da súa creación, e antes de comezar a dar conta propiamente da consecución dos obxectivos expostos no proxecto do Club de Lectura, consideramos que é necesario poñer de relevo unha das peculiaridades do mesmo.

O noso club de lectura "Ex libris" naceu, moi humildemente, ao abeiro da Programación anual do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do noso Centro, na que a súa creación xa estaba contemplada. Polo tanto, comezou a dar os seus tímidos primeiros pasos no mes de outubro de 2007.

Xa que logo, no momento da publicación da convocatoria da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Xunta de Galicia no DOG, con data 5 de novembro de 2007, na que se incentivaba o funcionamento de clubs de lectura, este Centro, a través do seu ENDL, xa tiña posto en marcha un "mini" club de lectores e lectoras. No momento da devandita convocatoria, dada a situación preexistente, a vicedirección solicitou aos membros do ENDL que se encargaran da súa programación -fundamentalmente porque a persoa encargada da biblioteca non desexaba comprometerse co proxecto-.

Na presentación do Club de lectura ao Claustro de profesores, e na súa posterior aprobación polo Consello Escolar, abriuse o proxecto ao resto dos membros do equipo docente do Centro, solicitando así mesmo as súas achegas para a programación, a súa



colaboración para a difusión da iniciativa entre os demais membros da comunidade educativa e, por suposto, a súa colaboración en todo o proceso -selección de obras, moderación e animación dos grupos de lectura, organización de actividades entorno ao fomento da lectura, etc.-. Pero este chamamento non obtivo ningunha resposta.

Dada a devandita situación, os docentes integrantes do ENDL comprometéronse coa organización de actividades enfocadas a fomentar o interese pola lectura - fundamentalmente en lingua galega dado que o alumnado do noso Instituto, malia ser na súa meirande parte galegófono, non lía na súa lingua materna agás as obras de lectura obrigatoria da materia de Lingua e Literatura Galega-.

b. EVOLUCIÓN - CURSO 2008-2009

Ao longo do curso 2008-2009 produciuse a mesma situación arriba descrita. É dicir, novamente o ENDL tivo que facerse cargo do Club "Ex libris" porque, de non ser así, estaba condenado á súa desaparición.

Por segundo ano consecutivo pedímoslle á responsable da biblioteca a súa colaboración e, por segundo ano consecutivo, mantívose totalmente á marxe do proxecto do Club.

Dado que as únicas dependencias das que dispoñíamos para recibir aos membros do club eran unicamente o exíguo local do departamento de Normalización e Dinamización Lingüística -onde traballa o equipo e todos os alumnos/as colaboradores-, pedímoslle á encargada da biblioteca que nos permitira depositar os libros do club na mesma -dicimos *depositar* porque das fichaxes, distribución e recollida encargaríase, nos recreos, unha profesora membro do Club. Tamén esta vez se nos denegou esta posibilidade, argumentando agora que o Club de lectura estaba integrado en normalización e debía ser totalmente alleo á Biblioteca.

Posto, o problema de espazo, en coñecemento do equipo directivo, este ofreceunos a posibilidade de conseguirmos un pequeno armario-vitrina para os libros e permitiunos utilizar a única sala de avaliacións existente para atender aos membros lectores durante os recreos. Ofrecemento que aceptamos inmediatamente.

Club de lectura "Ex libris"

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística

I.E.S. "Félix Muriel" de Rianxo

Curso 2008-2009



A profesora encargada do servizo de préstamos do club de lectura, ideou un sistema de fichaxe manual así como un sistema de préstamos -igualmente manual- independente da biblioteca.

Malia todos os problemas e grazas á boa vontade dun grupo de compañeiros e compañeiras, logramos, un ano máis, arrancar o club de lectura "Ex libris".



II. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

1. Nova posta en marcha da actividade.

a. Captación do alumnado: Consideramos que era necesario facelo por todas as vías que tiñamos á nosa disposición no Centro, sobre todo se temos en conta o feito de que o noso Instituto está composto por dous edificios inconexos que separan ao alumnado de 1º e 2º da ESO (o máis numeroso) do de 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de Bacharelato. Polo tanto, levamos a cabo a nosa campaña informativa a través de catro vías.

- **Profesorado**: Falamos con todos/as titores e titoras dos diferentes grupos proporcionándolles información escrita sobre a posta en marcha do Club e rogándolle a súa difusión entre os seus titorandos.

Correndo o risco de ser repetitivos, organizámonos -os membros docentes do ENDL- e comprometémonos a proporcionarlle información sobre esta iniciativa aos distintos niveis educativos e grupos-clase nos que dabamos clase, de xeito que quedaran todos -ou case todos- cubertos. Aqueles grupos cuxos titores ou titoras non foron contactados recibiron información dos membros do ENDL ou directamente da coordinadora do "futuro" club.

- **Anuncios escritos**: Expuxemos información nos taboleiros de entrada dos dous edificios que conforman o Centro; así como nos taboleiros situados nos accesos ás aulas e nos corredores.
- **Boca a boca**: Organizamos en pequenos grupos a aqueles alumnos e alumnas que xa formaran parte do "Ex libris" no curso anterior, e encargámoslle a misión de informar ao alumnado dos diferentes grupos do seu mesmo nivel.
- **Creación de listas abertas**: Dispúxose un taboleiro na entrada do centro co distintivo "Club de lectura" e colocáronse listaxes co alumnado do club de lectura do curso anterior -que aínda seguía no centro- dándolle a posibilidade de "si" ou "non" seguir participando no mesmo.



Así mesmo, á carón desas listaxes, colocamos listas abertas para aqueles membros do alumnado que se quixesen apuntar este ano académico. (Véxase anexo 1).

- b. Captación do profesorado: Dispuxemos anuncios na sala de profesores de ambos edificios solicitando a colaboración do profesorado para exercer a función de animadores/as ou moderadores/as dos diferentes grupos de lectura que se ían crear. Como non houbo resposta optouse por falar persoalmente con varios membros do profesorado suxeríndolles a posibilidade de participar na actividade e explicándolles a liberdade de elección da obra e do grupo. Ao final, conseguíuse a adhesión e compromiso de unha profesora de matemáticas e de unha profesora de grego -entre os case 60 membros do profesorado- que xa colaboraran con "Ex libris" o curso pasado.

Ao final os membros do claustro de profesores que quixeron e puideron colaborar co club de lectura moderando algún grupo foron:

- Formoso Gosende, Valentina (profesora de galego e portugués e coordinadora do ENDL)
- González González, María (profesora de francés e membro do ENDL)
- Piñeiro Pazos, Rodolfo (mestre de música e membro do ENDL)
- Plaza Sixto, Paz (profesora de galego e membro do ENDL)
- Rivas Barros, Ana (profesora de grego e cultura clásica e encargada da xestión dos libros do Club)
- Rodríguez Varela, María (profesora de castelán e membro do ENDL)
- Suárez Redondo, Rosa (profesora de inglés e membro do ENDL)
- Vázquez Parcero, Xabier (mestre de castelán e membro do ENDL)
- Villaverde Mosquera, Marisú (profesora de matemáticas)

- c. Envío de información á comunidade educativa externa ao centro: Enviamos cartas a á ANPA que se comprometeu a informar a pais, nais e titores/as legais do alumnado (véxase anexo 2) e á Biblioteca e ao Concello de Rianxo. Pretendíase con este xesto non só informar senón invitar á participación. Así mesmo, puxémonos en contacto co Concello para mantelo informado e pedirlle a súa colaboración (véxase anexo 3), pero a nosa petición foi, un ano máis, infrutuosa.



2. Organización do Club

a. Información aos grupos e aos/ás moderadores/as:

Levou-se a cabo unha reunión no salón de actos do Centro na que se lles deu as grazas ao alumnado membro do club de lectura pola súa entusiasta participación no proxecto e onde asinou un simbólico *contrato de compromiso co club de lectura*. (Véxase anexos 4.1 e 4.2).

Nese mesmo acto, entregóuselle ao profesorado colaborador un documento no que se dispoñían unha serie de puntos así como un guión das funcións que pensabamos debía exercer. (Véxase anexos 5.1 e 5.2).

b. Escolla de libros:

Para a escolla das obras seguimos as posibles vías que tiñamos á nosa disposición e que foron as que seguen:

- **Atendemos** ás proposta do profesorado colaborador e do alumnado lector. Escoitamos todas as suxestións de lectura que chegaron ata nós tanto por unha parte como por outra.
- **Consultamos**, por segundo ano consecutivo, foros sobre literatura infantil e xuvenil, así como propostas de lecturas para adolescentes, blogs de clubs de lectura de centros educativos e outras entidades relacionadas coa xuventude e páxinas de bibliotecas municipais, etc., coa finalidade de coñecer a opinión de xoves lectores.

c. Adquisición de libros:

Unha vez escollida a lectura por parte do grupo lector

- ou ben o moderador/a de cada grupo se encargaba de conseguir os libros persoalmente se así o desexaba,
- ou ben se xestionaba desde o propio club de lectura ou desde o ENDL.

Para facilitar a tarefa de control de gasto e de organización e xestión interna do propio club, acordouse limitar os puntos de compra, que se reduciron a tres, unha librería en Padrón e outra en Santiago, ambos punto estratéxicos -de paso obrigado ou de residencia-, e unha editorial.



d. Distribución e Xestión dos exemplares:

- Xestión :

Nun primeiro momento, tal e como xa decidíramos na última reunión de colaboradores o curso anterior, pensabamos fichar os libros na biblioteca, como xa explicamos na introdución, e delegar a realización dos préstamos á mesma, pero a encargada da biblioteca negouse rotundamente.

A solución alternativa foi, como xa apuntamos anteriormente, crear un espazo para os libros do club de lectura que pasaron a levar unha fichaxe e un sistema de préstamos -totalmente rudimentarios e manuais- independente do da biblioteca.

Situáronse nun pequena mole-vitrina con catro andeis -onde actualmente xa non caben os exemplares- nunha dependencia próxima ao local do ENDL e onde, a profesora Ana Rivas, realiza as labores de bibliotecaria durante os recreos.

Esta problemática obrigounos a deter as actividades do club xa que os socios/as lectores/as non tiñan acceso aos libros. Isto solucionouse tras a impresión dos documentos de propia creación para a xestión do material de lectura.

- Distribución:

Dada a limitación de exemplares dispoñibles para cada grupo, decidimos organizar aos lectores/as, previamente á distribución dos libros, mediante unha cadea temporal de "relevos", marcando o tempo de posesión do exemplar -de que data a que data- e indicando a seguinte persoa que debía recibir a obra. Deste xeito, conseguimos que todos os membros dos diferentes grupos puidesen ter acceso á lectura da obra antes da data da primeira reunión de posta en común da mesma.

e. Formación dos grupos e asignación dun moderador/a para cada grupo:

No mes de outubro comezamos a organización dos grupos do Club pero o comezo das actividades de lectura tardou case ata o mes de decembro en desenvolverse normalmente debido ao problema descrito tanto na introdución como no punto c deste apartado, *Xestión e distribución dos exemplares: - Xestión.*



Unha vez solucionado o atranco que impedía o normal funcionamento da actividade, o sistema de xestión dos grupos de lectura foi o seguinte:

- A profesora encargada do grupo repartíalles os libros aos membros que o conformaban e deixaba constancia dos exemplares entregados nun libro de rexistro para o efecto.
- Unha vez repartidos os libros entre o alumnado e estipulada unha data aproximada de lectura (suficientemente ampla para que todos os membros tivesen acceso ao exemplar), anunciábase o día da reunión cun cartel -sempre co mesmo deseño de formato (véxase anexo 6)- que se dispoñía no taboleiro do club situado nun lugar de paso abrigado así como noutros taboleiros dos dous edificios que integran o centro.
- As xuntanzas levábanse a cabo tanto nos recreos como ao medio días dos luns segundo as preferencias dos lectores e a dispoñibilidade da moderadora ou moderador. Durante as mesmas, o grupo -individualmente, por parellas ou todos/as xuntos/as- cubrían a ficha de lectura. (Véxase anexo 7).

Houbo dous tipos de xuntanzas que respondían sobre todo ao nivel do grupo:

- Cos lectores máis novos procurouse sempre realizar as reunións por obxectivos; isto é, marcándolle ao alumnado o punto ata onde tiña que chegar na lectura para a seguinte reunión.
 - Co resto dos lectores, seguindo a súa petición, realizábase unha ou varias reunións ao finalizar a lectura da obra.
- Tralas reunións, os membros lectores viñan polo local de normalización para deixar no blog os seus artigos e/ou comentarios sobre os libros.
- Isto foi algo complicado porque a maioría dos días, nos recreos, os escasos ordenadores do local do ENDL estaban ocupados por outras actividades do propio departamento.



III. ACTIVIDADES DESENVOLTAS

A continuación damos conta da totalidade das actividades que se desenvolveron no marco do proxecto do Club de Lectura "Ex Libris" ao longo do curso que rematou.

a. Lecturas: (Véxase anexos 8.1 e 8.2)

1. *A elegancia do ourizo* de Muriel Barbery (tradución ao galego).

Leuno un grupo de 1º Bac. e traballárono moi a fondo xunto coa profesora que guiou o grupo. Poden verse dous artigos na páxina 5 do blog exlibris. A este grupo, encantoulle o libro.

2. *A elegancia do ourizo* de Muriel Barbery (orixinal en francés e tradución ao galego e ao castelán).

Un grupo de 1º Bac con francés foi, moderado por unha profesora desa lingua estranxeira, lendo pasaxes da obra en francés, realizando traducións dalgúns parágrafos e comparando as tres versións.

3. *Safo: Cantos e fragmentos* (trad. Raúl Gómez Pato).

Leuno un grupo de 1º de Bac. a principio de curso guiados na lectura por unha moderadora da especialidade de grego, pero non deixaron artigo no blog.

4. *O estraño incidente do can a medianoite* de Mark Haddon (tradución ao galego).

Houbo 3 grupos de lectura que traballaron con este libro dos niveis de 4º ESO e de 1º Bac. Nun destes participou un membro do persoal non docente que xa participara o curso anterior. En xeral gustou bastante aínda que algúns alumnos de 4º non conseguiron entender ben a esencia da novela. Pódese ver un artigo na páxina 8 do blog exlibris.

5. *Rúa Carbón* de Marilar Aleixandre.

Houbo 2 grupos de lectura que traballaron con este libro dos niveis educativos de 4º ESO e de 1º Bac. e tamén un membro do persoal non docente. Encantoulles ás estudantes e decepcionou ao membro do persoal de limpeza. O artigo que fixeron as alumnas está na páxina 6 do blog exlibris.



6. *O único que queda é o amor* de Agustín Fernández Paz.

Esta obra tamén gustou, pese a tratarse de varios relatos (modalidade pouco aceptada polo alumnado) Os lectores/as foron de 4º ESO, de 1º Bac e dous membros do persoal non docente (véxase anexo 8.2). Os artigos sobre esta obra poden verse nas páxinas 3 e 4 do blog.

7. *Made in Galiza* de Sechu Sende.

Este libro xa foi obxecto de lectura o ano pasado e volveu ser solicitado este ano. Tivo desigual resultado: en 2º de Bach. encantou e en 4º ESO decepcionou. Supoñemos que foi pola preparación previa á lectura e pola explicación que a mesma requiría.

Tamén se leu en 3º ESO e deu moi bo resultado. Había un proxecto de realizar unha banda deseñada con algúns dos relatos pero fallou porque foi baixa do centro a organizadora do mesmo.

8. *O señor Ibrahim e as flores do Corán* de Eric-Emmanuel Schmitt (trad. Ao galego).

Encantoulles ao grupo configurado por lectoras de 4º ESO, de 1º Bach. e por dous membros do persoal non docente.

9. *Morning Star* de Xosé Miranda.

Esta obra foi escollida por un grupo de 1º de Bacharelato e repartiuse antes de que fosen á viaxe cultural de París. Entre a viaxe, a acumulación de exames á volta e por motivos varios, chegou xuño e a meirande parte do grupo só tiña lida a metade do libro. Só tres alumnas o remataron e a súa opinión non foi moi favorable aínda que foran precisamente elas as que escolleran a lectura.

10. *Poetízate* de varios autores galegos.

Leuno un grupo de 2º Bac. centrándose sobre todo na poesía dos último anos e motivados pola charla ofrecida Yolanda Castaño no centro. Gustoulles moito a todos os lectores e lectoras aínda tratándose dun xénero que non adoitan ler.

11. *Cultivos transxénicos* de Carlos Negro.

Logo de escoitar a Yolanda Castaño e de introducirse no obradoiro de escrita de Carlos Negro, conseguimos que un grupo moi reducido de 1º e 2º Bac.. (dúas alumnas de cada curso) lesen esta obra de poesía.



12. *Asasinato no Orient Express* de Agatha Christie.

Repartíronse os libros pero o grupo que o escolleu, de 4º ESO, dirixidos pola profesora de inglés non remataron a lectura de todo no tempo establecido e non se puido pechar debidamente o grupo.

13. *Rebeldes*. Lido por varios grupos de lectura, todos de 2º ESO. A todos eles/elas lles gustou moito o libro pero non se quixeron expresar no blog.

b. Creación do blog *Ex-libris* (www.blogoteca.com/exlibris)

O pasado curso o espazo do club de lectura estaba comprendido no blog do ENDL. Este curso deseñamos un blog propio para o noso Club "Ex libris" -coa axuda inestimable dunha alumna de 2º de Bac.-, o blog Ex-libris, o que levou a que elimináramos as seccións "club de lectura" tanto da revista coma do blog *O castelo da lúa*. Con anterioridade a iso, un grupo de alumnos/as se dedicaron a pasar toda a información ao novo blog, tarefa que resultou longa e complicada e que non permitiu salvar as fotos, os comentarios e demais informacións do curso pasado.

A función do blog é:

1. Recoller novidades editoriais, presentacións de libros, edición de concursos literarios, recomendar algunha obra...
2. Recoller información ampla sobre as obras e autores que se leron no club, e sobre outras de interese. O propio alumnado seleccionou a información e adaptouna para introducila no blog. Houbo un grupo de rapaces e rapazas de 4º ESO que se dedicaron a buscar información en internet de tódolos autores que tiñamos no club, facer un pequeno resumo e traducilo ao galego. Tamén buscaron as imaxes, tanto dos autores como dos libros. Deste xeito, conseguimos ter unha grande referencia sobre lecturas, non só da literatura galega, en galego.
3. Recoller artigos de opinións dos membros lectores, opinións e consideracións xurdidas no seo das reunións cos respectivos moderadores/as, etc.
 - Hai artigos de moi diferente peso. Destacamos os referidos á obra *A elegancia do ourizo* que leu un dos grupos máis consolidado, o dirixido pola



profesora de grego Ana Rivas, e do que fixeron unha análise literaria moi elaborada.

4. Recoller comentarios aos artigos tanto de dentro da nosa comunidade educativa como de fóra.
5. Informar de tódolos libros que manexamos no club para que a comunidade educativa saiba que pode dispoñer deles cando queira -sempre e cando non estean en posesión dos membros lectores cuxo carné do club lle dá prioridade-.

Desde o club, tamén fomentamos a participación dos nosos membros lectores en blogs de clubs doutros centros, para facer un seguimento do traballo dos compañeiros/as de tarefa. Un de obrigada visita foi *Trafegando ronseis* do IES Pintor Colmeiro.

c. Charlas-coloquio

Desde o club, e sempre coa colaboración dos membros do ENDL, organizáronse e leváronse a cabo as seguintes charlas:

- Sechu Sende fala da súa obra e da súa lingua
- Yolanda Castaño falou sobre poesía galega actual
- Kiko da Silva deu unha charla sobre a banda deseñada en galego que rematou cun pequeno obradoiro.

1. **Sechu Sende fala da súa obra e da súa lingua** (Véxase anexo 9).

Descrición da actividade: Contamos coa presenza de Sechu Sende no noso IES para falar de sociolingüística a través do seu libro "Made in Galiza", obra que leron os alumnos e alumnas de 4º ESO e de 1º de Bacharelato na súa totalidade -case todos os de 2º de Bacharelato e boa parte dos participantes do Club de lectura o ano pasado-. Tamén o 80% do alumnado de 3º ESO traballou algúns dos textos na clase. Desta forma a expectación de cara á actividade era moita por parte de todos/as. Por desgraza houbo que limitar o aforo segundo as posibilidades do salón de actos e só puideron participar os alumnos e alumnas de bacharelato (1º e 2º).

Avaliación: Quedaron "moi satisfeitos" coa actividade, xa que Sechu foi quen de "enganchalos/as" perfectamente co seu discurso. Tampouco podemos esquecer o



feito de que tódolos presentes tiñan lida a obra e que iso axudou moito na interacción.

Véxanse os artigos na revista dixital www.bicodaria.com sobre isto no apartado *O IES rebule*.

Data de realización: O martes 10 de febreiro

b. Kiko da Silva e a banda deseñada

Descrición da actividade: Tivemos a oportunidade de que se achegase ao noso centro Kiko da Silva para falarlle aos membros lectores da banda deseñada en galego.

Por unha banda, quería darlles a coñecer a existencia de banda deseñada en galego e ao mesmo tempo, por outra banda e mediante a achega dunhas nocións prácticas sobre como se elaboraba a banda deseñada, atrapar ao seu auditorio para a súa elaboración. Isto entraba nun proxecto máis amplo no que pretendiamos traballar co alumnado varios relatos de Sechu Sende converténdoo en cómic en colaboración co profesorado de plástica e que por motivos diversos non se puido levar a cabo.

Avaliación: Moi positiva. O alumnado estivo encantado durante a hora que durou a charla.

Poden verse os artigos na revista e no blog. Tamén temos unha gravación da actividade que non puidemos aínda colgar na rede.

Data de realización: O xoves 17 de febreiro

c. Yolanda Castaño fala de poesía galega actual (Véxase anexo 10)

Descrición da actividade: O paso de Yolanda Castaño polo noso IES supuxo un punto de inflexión na concepción do alumnado de bacharelato -receptor da charla- sobre a poesía e nomeadamente sobre a poesía galega. A posibilidade de traer a esta poeta ao centro xurdiu no mes de decembro e pese a que tivo que vir a costa de deixar fóra outras charlas mereceu a pena.

Avaliación: O alumnado, á parte de estar atentísimo, quedou marabillado do que explicou sobre poesía galega actual pero especialmente do recitado de poemas. Se a isto unimos que pouco despois comezaron co obradoiro de poesía de Carlos Negro



impulsado pola AELG, penso que conseguimos -entre parte do alumnado de bacharelato que asistiu ás dúas actividades- unha mudanza nas súas actitudes negativas cara ao xénero poético.

A expectación que xerou a poeta, coñecida polo alumnado pola súa actividade televisiva, axudou tamén ao éxito da actividade.

Poden verse tanto na revista coma no blog "o castelo da lúa" fragmentos dos vídeos da súa charla, así como a entrevista que lle realizaron dúas alumnas do club de lectura.

Realización: O xoves 30 de abril

d. Obradoiro de escritura creativa (Véxase anexo 11).

Descrición da actividade: A Asociación de Escritores en Lingua galega (AELG) ofertaba un Obradoiro de Escrita Creativa que solicitamos e que resultou ser todo un éxito entre o alumnado. Durante 5 semanas, todos os mércores de 12:30 a 14:10 o alumnado de 1º A de bacharelato, escollido, primeiro polo interese amosado e, despois, porque conseguimos que a ausencia deses alumnado nas horas lectivas regradas non lle repercutise negativamente. Para iso buscamos un día no que as materias impartidas o fosen por membros do ENDL, que renunciámos sen ningún problema a esas horas a prol da actividade dirixida polo poeta Carlos Negro.

O propio alumnado implicado elaborou dous artigos na revista dixital, onde se pode ver un resumo da actividade e as súas impresións ao respecto. Véxase www.bicodaria.com.

Avaliación: As impresións do profesorado, que foron debidamente recollidas na memoria que se enviou á AELG, foron as seguintes:

- Actitude moi positiva do alumnado cara á literatura en xeral e particularmente á poesía. Destacan que a literatura non é aburrida tal e como pensaban a través do ensino regrado.
- Descubrimento, por parte do alumnado participante na actividade, dun mundo novidoso no que eles e elas se podían ver reflectidos. Comprobaron que a poesía non é algo elitista senón un camiño para expresárense.



- Percepción da importancia do compoñente oral da poesía, perda da vergonza a ler a poesía con sentimento e aprendizaxe de como entoar axuda a interpretar o feito poético. A importancia da utilización dos sons na poesía como elemento importante para transmitir as emocións á par da palabra.
Isto comezou xa coa charla de Yolanda Castaño.
- Concienciación da súa capacidade para escribir e animación a lectura en voz alta.
- O interese por leren "Maquinaria", libro que Carlos Negro lles presentou en primicia o último día do obradoiro, é a mellor avaliación da actividade.

Realización: 5 mércores de 12:30 a 14:10 (dous periodos lectivos) ao longo dos meses de maio e abril.

e. Visita á biblioteca Ánxel Casal e á librería Couceiro en Santiago de Compostela

Esta visita programouse para que os membros lectores do noso centro tivesen a oportunidade de coñecer unha gran biblioteca e unha gran librería. (Véxase anexo 12).

Esta saída lúdica e cultural realizouse o día 15 de abril. Viaxamos a Santiago con un autobús cheo co alumnado do Club de lectura.

O **programa** da actividade foi o seguinte:

- 8:30h.: Saída en autocar desde o Instituto,
- 9:30h.: Chegada a Santiago e tempo libre ata as 10:20h.
- 10:30h: Visita guiada da Biblioteca Pública Anxel Casal
- 12:00h. Visita guiada dos 5 pisos da Librería Couceiro e do seu obradoiro de encadernación
- 13:00h. Saída de Santiago para Rianxo (en autocar)

Foi unha actividade que deixou un agradable pouso nos lectores do club. Resultoulles especialmente fascinante o obradoiro de encadernación.

Para unha información máis polo miúdo da actividade, véxase na revista dixital www.bicodaria.com o artigo de Esther Alcalde Domínguez *normalizando* (aínda que debería estar no blog do club) onde describe con detalle o que foi a xornada.



f. Concurso de lectura en voz alta:

Un ano máis, en colaboración coa coordinadora do ENDL e varios dos membro dos devandito equipo -sen os que non poderíamos levalo a cabo-, e aproveitando a semana da celebración das Letras Galegas, convocamos o **II Concurso de lectura en voz alta**.

Descrición da actividade:

O **II Concurso de lectura en voz alta** -como reza na súa convocatoria- (véxase anexo 13) estivo aberto a todo o alumnado do centro. Este ano, dado que era unha actividade celebrada durante a semana que seguiu ás Letras Galegas, léronse textos do homenaxeado (véxase anexo 14). O ano pasado, na primeira convocatoria que se realizou, xurdindo a idea a mediados de curso, houbo unha grande concorrencia tanto de participantes coma de público. Este ano houbo unha importante participación naqueles grupos nos que o profesorado animou ao alumnado a participar, mais isto non ocorreu en tódolos grupos.

O ano pasado as lecturas realizáronse no salón de actos do Centro pero a acústica resultou ser moi mala. Este ano tentamos conseguir outro local e ao final optamos por utilizar unha aula de 3º de ESO -situada en fronte do local do ENDL-.

O xurado estivo formado por profesorado do Centro -tanto membros do Club e, xa que logo do ENDL, e docentes alleos a estas actividades- e algúns alumnos e alumnas do ENDL -os únicos/as que se presentaron voluntarios/as-.

A actividade desenvolveuse nos recreos da semana do 18 ao 23 de maio.

Os textos lidos pertencen á obra *A lingoaxe i as linguas* e escollemos as partes que tratan sobre os prexuízos existentes arredor do galego, dado que moitos deles forman parte da realidade do noso alumnado e do seu contorno.

Nun primeiro momento pensouse en pasarlle previamente os textos ao alumnado competidor, mais ao final, tanto os membros do Club de lectura como os do equipo de normalización, acordamos non facelo para conseguir un resultado máis axeitado ao que queríamos obter.

O curso pasado organizamos dúas modalidades para o premio: unha para o 1º ciclo da ESO e outra para o 2º ciclo e bacharelato. A sorpresa foi que recibiron o premio dous



alumnos de 2º da ESO, xa que quedou deserto o do 2º ciclo. Por iso, este curso, pese a que nun primeiro momento tiñamos pensado convocar un único premio para todo o centro, acordamos, previa consulta ao alumnado, que se concedesen dous premios sen especificar categoría.

Os premios recaeron nun alumno de 2º ESO e nunha alumna de 3º ESO, esta última unha das gañadoras da edición anterior.

Avaliación: Moi positiva, tanto polo interese e a participación do alumnado como polo nivel dos lectores e lectoras.

Custo: 100 €; concretamente dous vales de 50 € canxeables en calquera tenda -previo aviso da escola á coordinadora do Club-. Esta contía non vai incluída na xustificación económica do Club pois foi aboada co diñeiro do ENDL dado o escaso orzamento do do primeiro.

g. Creación de un punto de lectura (Véxase anexo 15).

Esta idea xurdiu porque observamos que durante o recreo moitos alumnos e alumnas andaban deambulando polos corredores ou permanecían sentados sen facer nada. Optouse por facer un curruncho cómodo para que o alumnado puidese ler nos seus momentos de ocio comodamente e relaxadamente. Ademais, no noso Centro a biblioteca non invita para nada a utilizala como lugar de lectura, máis ben semella unha aula de castigo que un lugar de conciliación coa lectura.

Tamén se puxeron á disposición do alumnado unha serie de bandas deseñadas e revistas do seu interese -dispostas en dous estantes- para que, no caso de non ter ningunha lectura propia neses momentos, o alumno/a puidese botar man delas.

h. Disposición dun expositor (Véxase anexo 16)

Na entrada principal do Centro dispúxose, en colaboración coa vicedirección, un cabaleta enorme onde se van colgando todo tipo de novas de interese, tanto literarias como culturais.

A carón dese expositor, e coa colaboración do ENDL, colocouse unha mesa baixa na que están a disposición do alumnado diferentes editoriais en galego.



i. Realización dunha curtametraxe

Para levar a cabo esta iniciativa, xurdida dun auténtico remuíño e conglomerado de ideas, seguimos os pasos de seguida descritos:

- Manifestáronse as persoas responsables da actividade -que foron a profesora de francés e a de inglés membros do ENDL e do Cub de lectura- e solicitaron a colaboración dos membros do ENDL para as distintas fases do proxecto.
- Recrutamos un grupo de alumnos e alumnas voluntarios/as e dispostos/as. Os alumnos/as eran representativos de diferentes das diferentes linguas que se poden atopar no noso Centro -alemán, castelán, catalán, francés, galego, grego, italiano, latín e portugués-, ben por ser nativos, ben polo seu interese por determinadas linguas.
- Entre todos/as escollemos un tema de actualidade que realmente lles preocupara. Finalmente, e por maioría, a gañadora foi "a crise".
- Entre todos buscamos un texto curto e conciso. Esta parte foi realmente dura, pero grazas a unha profesora de galego que nos suxeriu un pequeno pero impactante artigo de opinión, ao final todo se amañou. (Véxase anexo 17).
- Procedeuse á lectura e traballouse a comprensión do texto orixinal en grupo -é importante entender e interpretar o que se le, pero non o é menos compartir, dialogar e intercambiar ideas e puntos de vista-.
- Como o artigo orixinal estaba en castelán, cada un dos participantes se comprometeu a traducir o texto a unha das linguas representadas, ás veces de forma autónoma (portugués), ás veces en colaboración co profesorado (alemán, francés, inglés, italiano, latín e grego) e outras co apoio da familia (catalán e ruso) e para o galego só fixeron falta unhas pequenas correccións -máis de sonoridade e ortografía que propiamente de tradución-.
- Decidiuse como presentar todo iso e acordouse que tres das alumnas voluntarias leran unha primeira vez o texto en galego e despois se volveuse ler pero esta vez cada parágrafo nunha das linguas estranxeiras ou na cooficial -castelán-.
- Unha vez repartidos os guións foi necesario reunirse en varios recreos para traballar a pronuncia e a entoación e, sobre todo, a quenda de palabra.



- Quedamos un día pola tarde no punto de lectura do Centro para facer varios ensaios xerais e a versión definitiva.

Ese día precisamos da axuda do secretario, que sabe manexar unha cámara -e da cámara de vídeo do Centro-. Tivemos o apoio do profesor de música que sabe moito de organización de actividades. E tamén colaboraron con nós -ademais dos/das protagonistas e as responsables- dúas alumnas de 3ºE para o apoio loxístico.

Empezamos sen o alumno encargado de catalán -cuxos parágrafos foron traducidos *in situ* ao francés e ao inglés-; repetimos unhas cantas veces -hai máis tomas falsas que boas- pero ao final saíu -máis ou menos- e pasamos uns momentos ben agradables.

- A partir de aí, empezamos a traballar a filmación en *Movie Maker*, coa colaboración do profesor de música.
- Escolléronse imaxes para ilustrar o contido do texto e o título da curtametraxe.
- Escollemos a música da presentación e dos créditos e a que servirá de fondo á lectura.

Pretendiamos pasar a curtametraxe nunha grande pantalla disposta na entrada do Centro dentro das actividades do día do libro, pero non puido ser. De calquera xeito, non nos rendemos e traballaremos este verán para poder pasala os primeiros días do curso que ven e, por suposto, colgar a curta no blog.

j. Resultado da enquisa sobre hábitos lectores (Véxase anexo 18).

A finalidade desta enquisa non era facer un estudo exhaustivo, senón a procura de respostas que nos axudaran a concretar o perfil dos nosos lectores e lectoras para, dese xeito, poder tomar as medidas correctoras oportunas de cara a actuacións futuras. É dicir, a partir dos resultados das enquisas, pretendimos axustar as actividades e as lecturas aos intereses e necesidades do público lector do noso Centro.



a. O PROCESO

Así pois, durante o segundo trimestre do curso pasado, e sempre en colaboración co "socorrido" ENDL, deseñamos unha enquisa sobre hábitos lectores, tal e como tiñamos programado, para así poder perfilar mellor as nosas actividades dentro do Club de cara ao vindeiro curso.

Posteriormente escolléronse aleatoriamente 206 alumnos (8 de cada grupo-clase) e pasóuselle a enquisa a través dos seus titores e titoras para que lla distribuían e recolleran. Para a recollida das enquisas aos titores e a súa entrega á coordinadora do Club contamos coa axuda da encargada da Bibioteca.

Comezamos a baleirar os datos na folia de cálculo pero resultou unha tarefa moito máis complicada do que pensabamos dado que é necesario picar información concreta de cada enquisado e non só darlle un valor a cada resposta. Dada a amplitude e concreción da enquisa, resultounos totalmente imposible poder rematar o proceso de informatización dos datos durante o curso pasado.

No primeiro trimestre deste ano académico, retomamos a tarefa de baleirado de datos -levada a cabo polo equipo de normalización-. Unha vez rematado este arduo e mecánico traballo, unha profesora do equipo, dedicouse ao labor de crear as gráficas derivadas dos resultados da enquisa. E algúns membros do Club, xunto coa encargada da biblioteca -encargada do proxecto lector-, reuníronse para sacar as conclusións que de seguida se expoñen, tratando de poñer de relevo aspectos xerais, para deixarlle a liberdade a cada un de facer a súa propia interpretación sobre os datos obtidos.

b. OS RESULTADOS

1. O noso alumnado e a lectura

A mostra constata que ao noso alumnado lle gusta relativamente pouco a lectura, pero o máis salientable é que, a medida que van medrando e que o nivel académico vai sendo máis esixente, o seu gusto pola lectura decrece. Esta é unha situación que nos debería levar a reflexionar e a tomar algún tipo de medidas para que este fenómeno non continúe avanzando.



Como consecuencia do anterior, observamos que unha alta porcentaxe do noso alumnado non le voluntariamente ningún libro, situación que volve equilibrarse nos niveis máis altos. Un importante número dos nosos alumnos e alumnas le obrigatoriamente, é dicir, só len os libros que marcan os distintos departamentos como condición *sine qua non* para superar a materia.

Non obstante, os/as nosos/as pouco entusiastas lectores/as, manifestan maioritariamente comprar os libros que len, supoñemos que por comodidade, non por afán de ir facendo pouco a pouco a súa biblioteca. Tampouco adoitan frecuentar as bibliotecas que están ao seu alcance, pero si declaran saber como están organizadas e como funcionan.

As lecturas que realizan adoitan rematalas na maioría dos casos, cremos que se debe en boa medida ao carácter obrigatorio das mesmas.

O noso alumnado declara preferir ler de noite ou no momento de deitarse, ben porque rematasen as súas tarefas, ben porque se trate do único tempo de ocio do que dispoñen ao longo da semana -aínda que vendo a cantidade de tempo que pasan diante da tele ou xogando no ordenador ou coa vídeo-consola, esta última opción semella pouco probable.

Todas a preguntas realizadas sobre o gusto ou o pracer pola lectura reflicten tamén un terrible baixón a medida que medran e sobe o seu nivel académico. Nos primeiros anos son máis receptivos, encontran maior pracer, dedícanlle máis tempo, pero a medida que pasan os anos ou ben perden ese gusto por ler e practicamente só len os libros obrigatorios que xa mencionamos, ou ben prefiren dedicar o seu tempo a outras prácticas.

2. O noso alumnado e a lingua

A través da enquisa puidemos observar claramente a situación de diglosia do noso alumnado -que xa quedou reflectida no Proxecto Lingüístico do Centro-. Os nosos alumnos e alumnas son maioritariamente galegófonos/as, empregan o galego no uso oral e en contextos coloquiais -cos compañeiros/as, coa familia, cos amigos...-, pero declaran preferir ler en castelán. Dende os seus primeiros



pasos como lectores len máis en castelán e prefiren ler nesa lingua. Nesa franxa de idade unha considerable porcentaxe tamén declara ler nas dúas por igual. Ademais, nos cursos superiores a situación acentúase. As razóns son diversas, pero a tendencia é a manifestar que entenden mellor o que len. Así pois, a dicotomía falo galego fronte a prefiro ler en castelán queda contundentemente demostrada. De aí o empeño do Club de lectura a familiarizar aos/ás lectores/as coa súa lingua materna -o galego- como lingua literaria.

En canto aos seus gustos literarios, maioritariamente prefiren, por esta orde, a novela, o teatro e a poesía, e tamén aquí declaran que os libros que máis lles gustaron están en castelán. Destacamos neste punto a fantástica experiencia do alumnado coa poesía durante este ano grazas ao contacto con Yolanda Galanes e Carlos Negro.

No que lle atinxe aos libros de texto a situación é un pouco diferente, máis equilibrada nos primeiros cursos da ESO, pero en Bacharelato a tendencia volve desviarse.

Nas preguntas que se refiren á comprensión dos libros de texto, xa sexa en castelán ou galego, capacidade para facer esquemas ou resumos, comprensión dos enunciados dos exercicios ou probas e comprensión do vocabulario, sorprendentemente os nosos alumnos e alumnas declaran, nunha enorme porcentaxe, non ter dificultades case nunca. Este é un resultado que nos chamou especialmente a atención -e nos fixo desconfiar dos resultados da enquisa-, tendo en conta que, como docentes que somos, estamos embebidos/as da realidade das aulas que nos transmite unha mensaxe totalmente oposta.

En canto á situación da lectura no seo familiar, os resultados veñen confirmar os gustos do alumnado: prefiren ler en castelán e len máis as nais. Da mesma forma, tamén podemos afirmar, pola nosa experiencia, que é bastante superior o número de lectoras, tanto entre o alumnado como entre o profesorado. Paralelamente, ao Club de lectura, acoden fundamentalmente alumnas.



3. O noso alumnado e o ocio

Como esperabamos, a lectura non ocupa un lugar destacado entre as preferencias dos nosos mozos e mozas nos momento de ocio. Os que afirman dedicarlle unha parte dese tempo á lectura, declaran ler ou cando lles "apetece" ou as fins de semana e vacacións. Pero, un número importante confesa non lle dedicar ningún tempo libre á lectura. Isto explica que os libros non figuren entre os regalos que reciben.

En canto á televisión, á que dedican un tempo considerable, destaca en todos os niveis académicos a súa preferencia por películas e series; un escaso número mostra interese polos documentais e os informativos -estes últimos practicamente só en bacharelato-.

A maioría tamén afirma dedicarlle como mínimo $\frac{1}{2}$ hora ao día ao ordenador por diversión. Nesta mesma liña, unha porcentaxe similar á anterior declara non utilizalo nunca ou case nunca con fins educativos.

Pola contra, si hai un interese importante pola práctica do deporte, o xogo coa video-consola, as saídas cos amigos e un pequeno número, mesmo a pesar de non existir ningún cine na localidade, acode a algunha sala de cando en cando. Unha boa parte dos nosos mozos e mozas din contar con prensa diaria nas súas casas, porcentaxe que se incrementa as fins de semana. Xa que logo, dispoñen dunha vía de acceso alternativa á tele para seguir as novas cotiás -aínda que non a empreguen.

Todos estes datos deberían facernos reflexionar, pero non só a nós, ensinantes, senón á sociedade en xeral. É evidente que a lectura, resulta imprescindible na formación integral de calquera persoa, dado que se non dominamos a linguaxe é imposible dominar calquera outra cousa. Certamente, esta actividade ten que ter máis peso e deberíamos buscar, entre todos, solucións para fomentala como unha vía de pracer e gozo. Ten que deixar de ser unha carga e pasar a ser o mundo ao que acudan os nosos mozos e mozas cando desexen relaxarse e fuxir da tolería cotiá na que están inmersos.



IV. PROBLEMAS COS QUE SE ENFRONTOU, ENFRONTA -E ENFRONTARÁ- O PROXECTO DO CLUB DE LECTURA "EX LIBRIS"

Aínda que a creación, o curso pasado, e nova posta en marcha, este curso, do Club de Lectura no noso Centro foi unha experiencia gratificante para todas aquelas persoas que participaron no seu desenvolvemento, é certo que batemos a diario con novos problemas e impedimentos para levar cabo este proxecto. Mesmo se sabemos perfectamente que ninguén vai vir solucionar estes atrancos e que seguiremos topando con eles día tras día, cremos necesario expoñelos nesta Memoria.

- a. Un dos problemas fundamentais é a falta de persoas dispostas a implicarse co proxecto. Existen moitos problemas para xestionar ou formar novos grupos entre tan poucos. Sobre todo se temos en conta que as persoas máis implicadas na xestión, organización, supervisión e desenvolvemento deste proxecto, son ademais as que normalizan e dinamizan a lingua, as que normalmente integran algún grupo de traballo a prol do alumnado do Centro, as que participan en diferentes concurso cos alumnos e alumnas, as que organizan actividades culturais fóra do centro, etc.

Nos momentos de maior desesperación a miúdo nos preguntamos por que se as xefaturas de departamento, os cargos directivos, as titorías a pais e nais, as titorías a alumnos/as, etc. teñen un horario propio, non o teñen este tipo de actividades que a todas luces parecen necesarias?

- b. No noso centro existe un gran problema de falta de coordinación e colaboración entre a biblioteca e o club de lectura -que xa quedou exposto na seguinte memoria-, feito que complica e dificulta todo o proceso.
- c. O problema da situación xeográfica do noso Centro leva consigo o problema de que o alumnado dependa do transporte -escolar ou privado- para desprazarse. Isto é un problema recorrente que limita categoricamente a organización de todas as actividades.
- d. O tempo e outro factor que impide a optimización deste proxecto e que depende directamente dos dous puntos anteriores



Os recreos son moi curtos e as reunións do luns ao medio día provocan que o alumnado asistente ás mesmas teña que comer frío (carecemos de comedor) e ademais non saia das dependencias do Instituto entre o período lectivo da mañá e o da tarde.

- d. A carga horaria do alumnado é moi rixida. Para poder realizar unha actividade para os membros lectores é necesario contar coas horas de docencia de moitos membros do profesorado e solicitarlle que non impartan materia nova ao resto do alumnado -cousa que as máis das veces se negan a facer-.
- e. A parte económica tamén é fundamental para o bo funcionamento dun Club de Lectura cunha cantidade de membros nada desdeñable. É imposible dispoñer dun exemplar para cada lector o que sempre retrasa as reunións. Tampouco se poden realizar desprazamentos á cidade máis próxima para asistir a unha representación teatral, charla, presentación dunha obra ou visita; é impensable cubrir o gasto de autobuses e entradas e é inviable pedirlle ao alumnado que corra con ese dispendio.

A falta de fondos impide tamén organizar actividades de recompensa para todos aqueles alumnos e alumnas que se implican.

- f. Por último, e non por iso menos importante, o tipo de alumnado que forma parte do noso Club de Lectura -coma o da maioría, supoñemos- é o prototipo de persoa que está colaborando en todas e cada unha das actividades que se organizan no Centro e que, ademais, se esixe a si mesma un bo expediente académico. Son tamén, ou polo menos na súa meirande parte, aqueles alumnos e alumnas que adoitan ler as obras de lectura obrigatoria de Galego, Castelán, Filosofía e demais materias que así o esixen.

Queremos facer constar que debería existir algunha maneira de que estas actitudes de compromiso e implicación tivesen a súa parte de recompensa que fose máis aló do agradecemento persoal daqueles que cremos neste tipo de iniciativas. Pensamos que os mozos e mozas que participan en proxectos que esixen dun esforzo real e dunha optimización do seu tempo de ocio, merecen algún tipo de aliciente que lles axude a seguir por este camiño a prol da súa bagaxe cultural.



V. AVALIACIÓN

Dado o tipo de actividade da que estamos falando e a dinámica específica que leva consigo, non nos pareceu necesario levar a cabo a enquisa que tiñamos pensado pasar entre os membros lectores/as.

O propio alumnado foi manifestando ao longo das diferentes actividades e das xuntanzas a súa opinión persoal sobre o proxecto.

A meirande parte do alumnado implicado neste proxecto, ou polo menos aqueles alumnos e alumnas que se manifestaron, expresaron a súa satisfacción coa experiencia.

Dado que o Club de lectura xa estaba en marcha, este ano o proceso de captación, distribución e agrupamento de alumnado foi máis doado.

Este curso foi un pouco especial no noso Centro. Ao longo do ano académico realizáronse unha cantidade inxente de actividades extra-escolares tanto dentro (exposicións, charlas, conferencias, obradoiros, ligas de todo tipo, etc.) como fóra do centro (visita a museos, monumentos, vilas, intercambio, cine ensino, etc.). Tamén se realizaron viaxes culturais de varios días (Andorra -á neve-, Barcelona-Tarragona, París e Lisboa) que implicaban ao alumnado de 3º, 4º de ESO e 1º e 2º de Bacharelato. Estas actividades levan consigo necesariamente a entrega dos alumnos/as na súa organización -reunións, venta de produtos e máis reunións- e unha redución horaria de dedicación a outras actividades por parte do profesorado que as organiza.

De feito esta cantidade de iniciativas e o caos que diso se derivou no ensino regrado, provocaron un cambio no regulamento do Centro co fin de limitar as actividades para os vindeiros cursos.

A conxuntura descrita anteriormente, levou consigo o principal problema co que bateu o noso Club de lectura: o alumnado leu pouco, fundamentalmente, porque: **faltou profesorado** que se implicase co proxecto e que conseguise motivalos e animalos a ler.

En resumo, quitando tres grupos que tiveron unha actividade moi aceptable durante todo o curso, o resto quedou moi frouxo. Todo iso porque:

Club de lectura "Ex libris"

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística

I.E.S. "Félix Muriel" de Rianxo

Curso 2008-2009



- a. Parte dos membros lectores non lían os libros ou no mellor dos casos só chegaban á metade.
- b. Dado que os grupos estaban constituídos, normalmente, pos lectores dun mesmo nivel educativo pero non dun mesmo grupo-clase, foi moi difícil atopar días de xuntanza que lle servisen a todos, así que non se fixeron as reunións os días marcados -e ás veces tampouco outros-. Algún dos grupos de lectura só fixo unha en todo o ano.

Neste sentido temos que dicir que:

- Entre o alumnado de 4º ESO e 1º de bacharelato houbo participantes, todas elas mulleres, con moita actividade lectora, mentres que nos grupos mixtos deses mesmo niveis tiveron bastante pouca;
 - En 3º non se formou grupo, só houbo lectores/as illados/as que escolleron individualmente un libro determinado o use xuntaron cun grupo de 4º.
 - En en 1º e 2º de ESO comezaron con moitas forzas e ganas para logo ir esmorecendo conforme avanzaba o curso.
 - En 2º de bacharelato só se anotaron dúas rapazas que acabaron uníndose, ben ao grupo de 1º de bacharelato, ben ao de 4º ESO.
- c. Non houbo a participación esperada por parte do claustro de profesores, tan só dúas profesoras non membros do ENDL se ofreceron para moderar un grupo, profesoras que xa colaboraran o curso pasado.
 - d. Entre o profesorado membro do ENDL tampouco houbo moita implicación porque a maioría tamén estaban levando a cabo outras actividades que lle esixían unha dedicación practicamente exclusiva (organización do alumnado e das actividades do ENDL, grupos de traballo, plan de convivencia e atención ao observatorio de convivencia, preparación das viaxes culturais a París e a Lisboa, preparación dun programa Comenius no que teñen previsto participar activamente os membros do ENDL, etc.).



VI. CONCLUSIÓN

Creemos firmemente que o amor polos libros se contaxia coa paixón que se demostra por eles e iso é o que pretendemos conseguir con este proxecto: crear auténticos amantes da lectura. É unha mágoa que sexa necesario temporalizar este tipo de labor porque, a miúdo, cando a terra está no momento propicio para sementar o reloxo obríganos a deixala erma.

De calquera xeito, esta experiencia enriqueceunos a todos/as.

- A nós, moderadores/as, porque o contacto con eles, a confianza que depositaron en nós, a complicidade que nos brindaron permitíndonos ser, por un curto espazo de tempo, os seus confidentes, ás veces incluso os seus conselleiros, é unha experiencia vital, case *de novela*.
- A eles, lectores/as, porque algúns por fin poden deixar atrás a soidade do lector adolescente; porque outros descubren que ler "está ben" e que falar do que len "é un punto"; porque a todos/as lles gusta ser protagonistas e agradecen profundamente que os escoiten, que respecten a súa opinión e que os respecten a eles/elas.

Para o vindeiro curso procuraremos intentar animar máis ao alumnado lector. Queremos atraer a máis mozos e mozas dos que nunca leron un libro -nin os obrigatorios-. Pretendemos conseguir que a lectura lles resulte divertida, entretida e interesante a todos/as. Aínda que nos conformariamos con que aprendesen a gozar dunhas páxinas en soidade.

Club de lectura "Ex libris"

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística
I.E.S. "Félix Muriel" de Rianxo
Curso 2008-2009



VII. LISTAXE DE LIBROS OFERTADOS POLO CLUB DE LECTURA: CURSO ACADÉMICO 2008-2009

1. *Adiós a Sidonie*; Heinrich Hackl. Editorial Pre-Textos. Valencia, 2002.
2. *Agosto do 36*; Xosé Fernández Ferreiro. Edición Xerais de Galicia. Vigo, 2002.
3. *Asasinato no Orient Express*; Agatha Christie (Tra. Alberto Álvarez Lugrís). Editorial Galaxia. Vigo, 2000.
4. *A elegancia do ourizo*; Muriel Barbery. Ed. Galaxia. Vigo, 2008.
5. *A negrura do mar*; Ramón Caride. Col. *Merlín*, Edición Xerais de Galicia. Vigo, 2004.
6. *A pantasma de Canterville*; Oscar Wilde; trad. Gustavo Luca de Tena. Edición Xerais de Galicia. Vigo, 2003.
7. *A pomba e o degolado*; Fina Casalderrey. Edición Xerais de Galicia. Vigo, 2007.
8. *A praia dos afogados*; Domingo Villar. Editorial Galaxia. Vigo, 2009.
9. *Bala perdida*; Manuel Rivas. Editorial Alfaguara 1996.
10. *Cando petan na porta pola noite*; Xabier P. Docampo. Col. *Merlín*, Edición Xerais de Galicia. Vigo, 1994.
11. *Cartas de amor*; Fran Alonso. Edición Xerais de Galicia, Vigo, 2006.
12. *Comedia Bífida*; Manuel Núñez Singala. Editorial Galaxia S.A. Vigo, 2007.
13. *Contos de parvos e Pillos I*; Xosé Mirande e Antonio Reigosa. Edición Xerais de Galicia, Vigo 2004.
14. *Corredores de Sombra*; Agustín Fernández Paz. Edición Xerais de Galicia, 2006.
15. *Cultivos tranxénicos*; Carlos Negro Romero. Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 2009.
16. *Do outro lado do Espello*; Jordi Sierra i Fabra. Edición Xerais de Galicia. Vigo 2007.
17. *Madame Bovary*; Gustave Flaubert. Editorial Galaxia. Vigo, 1994.
18. *Made in Galiza*; Sechu Sende. Editorial Galaxia S.A. Vigo, 2007.
19. *Makinaria*; Carlos Negro Romero. Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 2009.
20. *Memorias de Hadrián*; Marguerite Yourcenar. Edicións Positivas. Santiago de Compostela, 1998.
21. *Morning Star*; Xosé Miranda Ruíz. Edicións Xerais de Galicia. Vigo 1998.
22. *Noite de voraces sombras*; Agustín Fernández Paz. Col. *Fóra de Xogo*; Edición Xerais de Galicia. Vigo, 2002.
23. *Nun lugar chamado Guerra*; Jordi Sierra i Fabra. Edición Xerais de Galicia. Vigo 2003.
24. *Ollos de auga*; Domingo Villar. Editorial Galaxia S.A. Vigo, 2006.
25. *O achado do castro*; Manuel Núñez Singala. Sotelo Blanco Edicións. Santiago de Compostela, 1991.
26. *O cabaliño de buxo*; Xosé Neira Vilas. Ediciós do Castro. A Coruña, 1992.

Club de lectura "Ex libris"

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística

I.E.S. "Félix Muriel" de Rianxo

Curso 2008-2009



27. *O curioso incidente do can a media noite*, Mark Haddon (Trad. Moisés Rodríguez Barcia). Rinoceronte Editorial S.L. Cangas de Morrazo, 2008.
28. *O neno do pixama de raías*, Jonh Boyne. Faktoría K de Libros. Barcelona, 2007.
29. *O señor Ibrahim e as flores do Corán*, Eric-Emmanuel Schmitt (traducido por Emma Lázare Rodríguez). Faktoría K de Libros. Vigo, 2007.
30. *O único que queda é o amor*, Agustín Fernández Paz. Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 2007.
31. *Os soños na gaiola*, Manuel María. Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 2004.
32. *Poetízate: antoloxía da poesía galega*, Varios. Edición Xerais de Galicia, Vigo, 2006.
33. *Rebeldes*, Susan Eloise Hinton. Obradoiro, 1998.
34. *Relatos de terror*, H. P. Lovecraft (Trad. Anxo Romero Louro). Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 2003.
35. *Rúa Carbón*, Marilar Aleixandre. Edición Xerais de Galicia. Vigo 2005.
36. *Safo: cantos e fragmentos*, Safo (Trad. Raúl Gómez Pato). Edicións Positivas. Santiago de Compostela, 2008.
37. *Unha odisea nórdica*, Jack London. Sotelo Blanco Edicións. Santiago, 2001
38. *Usha*, María Reimóndez. Edición Xerais de Galicia, Vigo, 2006
39. *Veu visitarme o mar*, Rosa Aneiros. Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 2004.
40. *Xuntos e máis nada*, Ana Gavalda. Editorial Galaxia. Vigo, 2007.

Club de lectura "Ex libris"
Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística
I.E.S. "Félix Muriel" de Rianxo
Curso 2008-2009



En Rianxo, a 5 de xullo de 2009

Asdo.: María González

Coordinadora do Club de lectura "Ex Libris"
Membro do ENDL
Xefa do Departamento de Francés

Asdo.: Valentina Formoso Gosende

Membro do Club de Lectura "Ex Libris"
Coordinadora do E.N.D.L.
Profesora de Lingua e Literatura Galega e de Portugués